

Agora non podemos parar.

PSG
PSOE



Vota Touriño.
O Presidente.

Falamos de...
maiores



Falamos de maiores

Para que os nosos maiores gocen dos mellores anos da súa vida

A primeira etapa do cambio

- **Complementamos as "Pensións Non Contributivas"** cunha paga extraordinaria única de 200 euros que percibiron 51.000 persoas.
- Creamos unha **Rede Pública de Atención á Terceira Idade** para **implementar a Lei da Dependencia** de Zapatero. Unha lei que xa beneficiou a máis de 36.000 galegos.
- Creamos unha rede de **Centros Públicos de día** que conta actualmente con 55 centros e máis de 2.200 prazas. Ao inicio da lexislatura non había ningún.
- Acordo entre o Goberno e as Caixas galegas para poñer en marcha **6 novas residencias** que ofreceran 1.000 novas prazas residenciais.
- **Incremento das axudas no fogar dun 222% en tres anos** e creación do programa **Xantar na Casa** que reparte xantares a domicilio a 800 persoas dependentes ou en risco de exclusión en 90 concellos, por 2€/día.
- Creamos unha rede pública de **Centros especializados en Alzheimer** que conta hoxe con 8 centros en funcionamento, e neste 2009 chegaremos a 500 prazas en 14 centros.
- Na atención a domicilio para persoas dependentes, existindo moitos casos en que son as propias familias as que cumpren este labor, **garantimos a 13.000 coidadores unha libranza digna para o desenvolvemento desta función.**
- O **Servizo Galego de Transporte adaptado** (tfno. 065) ten unha cobertura xeográfica do 100%. Dende outubro de 2008 **este servizo atendeu 100.000 usuarios e conta con 122 vehículos.**

A segunda etapa do cambio

- **Impulsaremos a subida de todas as pensións**, especialmente no caso das de menor cuantía.
- Avanzaremos nesta lexislatura na implantación e consolidación da **Lei de Dependencia**, de tal modo que estean cubertas o 100% das necesidades dos grandes dependentes e dos dependentes severos.
- Prestaremos servizo a **50.000 dependentes**, creando 15.000 empregos para cubrir estas prestacións.

Dálle máis forza.



Vota Touriño.
O Presidente.



- Acadaremos nesta lexislatura a implantación de **18 centros especializados en Alzheimer** e outras demencias.
- Ampliaremos a cobertura de **teleasistencia** e localizadores externos para todas as persoas maiores de 80 anos que vivan soas e todos os maiores dependentes, ata os **35.000 usuarios**.
- Ampliaremos a **axuda no fogar** e estenderemos a prestación de servizos básicos a domicilio aos maiores dependentes, ata acadar os **10.000 usuarios**.
- Ampliaremos a **cobertura do transporte adaptado** para as persoas dependentes, ata acadar 8 millóns de desprazamentos anuais, con cobertura en todos os concellos galegos.
- Construiremos **50 Centros** de día comarcais de Atención aos Dependentes.
- Desenvolveremos plans de apoio e formación específica **aos cuidadores no ámbito familiar**.
- Crearemos **novas residencias e pisos tutelados** para maiores non dependentes.
- Incrementaremos a cobertura do **Centros de día** ata acadar, alomenos, **10.000 prazas** nesta lexislatura, coa construción de **centros comarcais** en cada área social.
- Estableceremos **protocolos de seguimento** de persoas maiores que vivan soas, con especial atención ao medio rural.
- Potenciaremos o **acceso das persoas maiores ás novas tecnoloxías** como medida dirixida a evitar o seu illamento, dotando a todos os centros de maiores e asociacións de equipamentos informáticos.
- Crearemos o **Consello de Persoas Miores de Galicia**, para potenciar unha rede de participación e incrementar os servizos que se lles poidan prestar.
- Crearemos unha plataforma que permita **videoencontros** entre as persoas ingresadas nas residencias e os seus familiares.
- Fomentaremos a participación social dos maiores, aumentando ata **12.000 as prazas dos programas de ocio e turismo social**.
- Daremos un novo impulso ao **achegamento das novas tecnoloxías ás persoas maiores e ás persoas con discapacidade**, co fomento de portais de internet de carácter informativo e de participación.
- Implantaremos, progresivamente, a **gratuidade das próteses dentais para as persoas maiores**, empezando polos maiores de 85 anos ata os 75 anos.

Dálle máis forza.



Vota Touriño.
O Presidente.



